



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL TOURO

Anuncio nomeamento tenentes alcaldes

ANUNCIO

O 20 de setembro de 2024 ditouse o Decreto da Alcaldía n.º 304/2024 co seguinte tenor literal.

“EXPEDIENTE 2024/G003/000322. Nomeamento Tenentes Alcaldes.

ANTECEDENTES

17.06.2023. Constitución da Corporación municipal

11.07.2024 Toma de razón renuncia Concelleira Angélica Dolores Lamas Louzao.

12.09.2024 Toma de posesión como Concelleira de Enma Blanco Lois.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

PRIMEIRA. O artigo 20 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local establece como órgano necesario da organización municipal aos tenentes de alcalde.

O seu nomeamento correspóndelle á Alcaldía (artigo 21.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O artigo 46 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, establece que o seu nomeamento e cese realizarase por Decreto da Alcaldía da que se dará conta ao Pleno na primeira sesión que teña lugar, notificándose persoalmente aos designados e publicándose no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao da sinatura da Resolución pola Alcaldía, se aquela non establece outra cosa.

Nos mesmos sentidos exprésanse os artigos 61.2 e 62 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia

SEGUNDA. Os Tenentes de Alcalde serán libremente nomeados e cesados polo Alcalde de entre os membros da Comisión de Goberno e, onde esta non exista, de entre os Concelleiros.

Os nomeamentos e os cesamentos faranse mediante resolución do Alcalde da que se dará conta ao Pleno na primeira sesión que celebre, notificándose, ademais, persoalmente aos designados, e publicaranse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte da firma da resolución polo Alcalde, se nela non se dispuxese outra cousa.

Nos municipios con Xunta de Goberno o número de tenentes de alcalde non poderá exceder do número de membros daquela.

TERCEIRA. A condición de tenente de alcalde pérdese, ademais de por o cesamento, por renuncia expresa manifestada por escrito e por perda da condición de membros da Xunta de Goberno Local.

RESOLUCIÓN

PRIMEIRO. Nomear os seguintes tenentes de alcalde, con efectos dende o día seguinte ao da sinatura deste decreto, aos concelleiros:

Número de orde:	Concelleiro
1º tenente de alcalde	JESÚS MARTÍNEZ PEREIRA
2º tenente de alcalde	JOSÉ LUÍS RAMOS BARREIRO
3ª tenente de alcalde	EMMA BLANCO LOIS

SEGUNDO. Corresponderalles substituír a esta Alcaldía na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que lle imposibilite para o exercicio das súas atribucións.

TERCEIRO. Darlle conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que teña lugar, notificándose persoalmente aos designados e publicándose no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao da súa sinatura.”

Touro 23 de setembro de 2024.

Roberto Castro Rocamonde, alcalde-presidente.

2024/6667